



Modelo de autorización para o uso de imaxes polo centro educativo (actividades non docentes)

Autorización para o tratamento de imaxes de alumnos e alumnas para o curso escolar: _____

Nome e apelidos do alumno/a: _____

Nome e apelidos da nai, pai ou titor/a¹: _____

NIF do pai, nai ou titor/a: _____

Autorizo ao CEIP de Prácticas López Ferreiro, dependente da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e de acordo coas condicións e termos indicados a continuación, a realizar a captación e difusión de imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc. (en diante, as imaxes) do alumno/a coa finalidade de promover as actividades e eventos festivos, conmemorativos, deportivos ou culturais, organizados polo centro docente e realizados tanto dentro como fóra deste, con fins educativos e pedagóxicos.

A publicación das imaxes poderase realizar a través das seguintes canles ou medios de difusión da actividade² do centro:

Páxina web do centro http://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro	SI ☐ NON ☐
Blogs e webs de aula e aula virtual https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/aulavirtual/	SI ☐ NON ☐
Blogs da biblioteca: Bibliolulu https://bibliolulu.blogspot.com/ e Lulu nas ondas https://lulunasondas.blogspot.com/	SI ☐ NON ☐
Blogs do EDLG (Equipo de Dinamización da Lingua Galega) https://edllopezferreiro.blogspot.com/ e https://faiuntratocogalego.blogspot.com/	SI ☐ NON ☐
Documentos ou memorias de actividades, de iniciativas de promoción do uso do galego, do Plan Proxecta, de Contratos-Programas, de iniciativas de innovación educativa, revista Pegada e trípticos ou carteis ou montaxes multimedia de difusión de actividades.	SI ☐ NON ☐

Salvo que sexa preciso, en todas estas canles o alumnado aparecerá de costas.

A presente autorización entenderase feita a título gratuito e as imaxes serán conservadas durante o tempo necesario para a consecución das finalidades indicadas ou, no seu caso, en tanto as persoas interesadas non retiren o consentimento outorgado.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
Finalidades do tratamento	Difusión e promoción das actividades indicadas organizadas polo CEIP de Prácticas López Ferreiro.
Lexitimación para o tratamento	Consentimento outorgado polo/a interesado/a.
Destinatarios dos datos	As imaxes poderán ser publicadas, coa mesma finalidade, a través dos medios detallados anteriormente.



Exercicio dos dereitos

As persoas interesadas poderán solicitar ante o/a responsable do tratamento o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como retirar o consentimento outorgado, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Tamén poderán retirar o consentimento outorgado presentando a súa solicitude ante o propio centro docente. A retirada do consentimento non afectará a licitude do tratamento baseada no consentimento previo á súa retirada. No caso de menores que teñan cumpridos 14 anos ou máis, poderán exercer estes dereitos por si mesmos.

**Contacto delegado/a protección de
datos e información adicional**

<https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

Santiago de Compostela, a _____ de _____ de 20__

Asdo.: Nai, pai, ou titor/a

1. A autorización outorgada por un dos proxenitores entenderase prestada co consentimento expreso do outro, conforme aos usos sociais e as circunstancias nas que se recolle.
2. A difusión da imaxe a través de redes sociais e outras canles alleas á Consellería podería supoñer unha transferencia internacional de datos persoais a destinatarios establecidos fora do Espazo Económico Europeo en países que non fosen declarados de nivel adecuado de protección.

**Así mesmo as familias deben saber que, conforme ao disposto na normativa vixente en materia de protección de datos persoais, poderán gravar imaxes de eventos desenvolvidos no centro exclusivamente para o seu uso persoal e doméstico. A difusión das imaxes captadas polas familias e demais asistentes fóra do ámbito privado, familiar ou de amizade, por exemplo, mediante a súa publicación na Internet accesible en aberto, será responsabilidade única daqueles que leven a cabo a devandita comunicación, que requirirá o consentimento de todas as persoas afectadas.*